

O grupo municipal do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)** do concello de Caldas de Reis representado polo seu voceiro Fernando Pérez Domínguez co DNI 35.450.4532-R, ao abeiro do artigo 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986 do 28 de Novembro), e artigo 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, de Modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, propón, para á consideración do vindeiro Pleno Ordinario da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CON RELACION O PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O 2021

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Recentemente o Goberno Bipartito de PSOE-PODEMOS veu de presentar o seu proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, e polo tanto están na fase de recadar apoios, que lle son precisos, e de facer modificacións en partidas concretas en función de estes apoios.

Pois ben, tras o análise pormenorizado do mesmo podemos dicir que no relativo a Galicia só se pode calificar de totalmente decepcionante, pero no caso do noso Concello, e dicir, para Caldas de Reis podemos dicir que son os peores orzamentos das últimas décadas. E temos que calificalos así posto que o noso Concello non parece nin tan sequera mencionado, e non quixeramos ter que lembrar que en Madrid goberna o partido político no que militan os concelleiros do equipo de goberno municipal, e pese a elo ni un solo euro para eses maravillosos proxectos dos que o Alcalde só se lembra quince días antes das eleccións para presentar bocexos ou proxectos virtuais.

Nos esiximos a rectificación dos orzamentos para que contemplan, cando menos, varios proxectos urxentes e fundamentais para o desenrolo de Caldas de Reis, algúns serían:

1. VARIANTE OESTE DE CALDAS DE REIS: 0,00 euros. Unha partida orzamentaria razoable e plurianual que permita pensar que nuns anos será unha realidade, e o mais grave e que esta que é a principal demanda en infraestruturas viarias para Caldas de Reis estaba contemplada en orzamentos anteriores, e agora eliminan esa partida e nin se inverteron os cartos de esas partidas pasadas. Como este tema nos parecía especialmente grave tras analizar o proxecto de orzamentos, fomos quen de trasladar o Grupo do Partido Popular no Congreso dos Deputados a nosa demanda, e en base o noso requirimento presentamos emenda da que lles trasladamos copia.
2. REHABILITACIÓN DA PONTE DA FERRERIA.- 0,00 euros.
3. PONTE PEONIL ALTERNATIVA A PONTE DA FERRERIA.- 0,00 euros. Como este tema tamén nos parecía especialmente grave, tamén trasladamos o Grupo do Partido Popular no Congreso dos Deputados o noso requirimento, e por elo presentamos outra emenda da que lles trasladamos copia.
4. CONSTRUCCIÓN DA ROTONDA DE OUTEIRO-BEMIL NA N550.- 0,00 euros.
5. CONSTRUCCIÓN DA ROTONDA NA N640 A ALTURA DO CRUCE NA PISCINA MUNICIPAL.- 0,00 euros.
6. MILLORA DA SEGURIDADE VIARIA NO ENTORNO DOS COLEXIOS.- 0,00 euros.
7. REDUCCIÓN DA FRECUENCIA DE PARADAS NAS ESTACIÓNS PROXIMAS A CALDAS DO TREN.
8. PARTIDA ORZAMENTARIA PARA A CREACIÓN DUN TREN DE CERCANIAS.- 0,00 euros.
9. COMPLETAR O NUDO DA AP9 EN CARRACEDO.- 0,00 euros.
10. CONSTRUCCION DA VARIANTE VALGA-PONTECESURES, partida ridícula de 100.000,00 €



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620

11. CONSTRUCCION DA VARIANTE DE CUNTIS.- 0,00 euros.
Etc.etc.

Por todo elo creemos que é de xustiza que esta corporación esixa unha rectificación de este proxecto para que se contemplen as partidas precisas para poder desenrolar estes proxectos fundamentais para o desenrolo do noso Pobo, demandas, algunhas delas, aprobadas por unanimidade de este pleno, no caso da variante Oeste xa se teñen realizados estudos previos, incluso aprobamos por unanimidade unha proposta de trazado, e xa tiñan partidas orzamentarias nominativas en orzamentos pasados do goberno central chegando o extremo de eliminadas agora no 2021.

Por todo elo, o Grupo Municipal Popular no Concello de Caldas de Reis presenta ao Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDOS:

Esixir ao Goberno do Estado a:

1. Que teña en consideración a emenda presentada polo Grupo Parlamentario Popular no Congreso dos Deputados con número 612 e proceda a alta do Concepto “Variante Oeste de Caldas. Caldas de Reis” cun importe de 500.000,00 euros, posto que figurou no PXE2018, para iniciar esta infraestrutura fundamental.
2. Que teña en consideración a emenda presentada polo Grupo Parlamentario Popular no Congreso dos Deputados con número 613 e proceda a alta do Concepto “Ponte peonil alternativo sobre o Umia. Caldas de Reis” cun importe de 500.000,00 euros, para iniciar esta infraestrutura fundamental.
3. Que rectifique o proxecto de orzamentos do Estado para o 2021 pola vía que considere mais oportuna, para contemplar o resto de partidas indicadas nesta moción.

En Caldas de Reis a 20 de novembro de 2020

O GRUPO MUNICIPAL do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)**

Adxuntase copia das Emendas presentadaa polo Grupo Parlamentario Popular no Congreso dos Deputados con número 612 e 613